



UNIDADE 3

A miña casa, o meu lar

Lea o título da unidade e pregúntelles aos seus estudantes se saben que quere dicir. Unha vez descifrado o significado, dígalles que son as palabras dun emigrante galego ao ensinalles a imaxe a uns amigos e amigas. Pregúntelles se cren que esas palabras se refiren a unha construción ou se se poden referir a algo máis. Aclare que a palabra **lar** pode ter un sentido amplo: pode referirse a unha vila, a unha cidade ou mesmo a un país. Pode facer referencia á evocación literaria destas palabras, xa que aparecen en máis dunha ocasión en versos de Rosalía de Castro (aínda que como vocativo: “Miña casa, meu lar”). Anuncie, por último, os obxectivos e a tarefa final da unidade: deseñar unha casa ideal.

A miña casa, o meu lar



comprender

1. O BARRIO DO ENSANCHE

Identificar diferentes servizos ou establecementos nun barrio. Falar do propio barrio.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade os seus alumnos e alumnas terán a oportunidade de familiarizarse coas características, os elementos e o vocabulario dun barrio prototipo dos que poden atoparse nunha cidade galega.

ANTES DE EMPEZAR

Pídalles aos seus estudantes que se fixen no debuxo da páxina vinte e seis e dígalles que se trata dun barrio ficticio, pero representativo: o barrio do Ensanche. Poden comentar entre todos e todas outros nomes de barrios que coñecen.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles que relacionen as partes do debuxo que están numeradas coas palabras do cadro. Para iso, teñen que escribir un número ao lado da palabra correspondente. Dígalles que poden empregar o dicionario ou preguntarlle a un compañeiro ou compañeira ou a vostede.

Déalles a oportunidade de comparar as súas solucións en parellas antes de realizar unha posta en común nunha clase aberta.

Solución

- | | |
|---------------------------|----------------------------|
| 1. un centro comercial | 2. un restaurante |
| 3. un supermercado | 4. un aparcadoiro |
| 5. un caixeiro automático | 6. unha biblioteca |
| 7. bares | 8. unha tenda de roupa |
| 9. un teléfono público | 10. unha escola |
| 11. un parque | 12. unha parada de autobús |
| 13. contedores de lixo | 14. unha rúa peonil |

B. No debuxo hai máis servizos ou establecementos que non están na lista. Anime o seu alumnado a buscalos.

Solución

*un ximnasio
unha oficina de correos
un hospital*

C. Pídalles agora que, en parellas, fagan unha lista das cousas que pensan que debe ter un barrio.

A continuación, pídalles que comparen a súa lista co barrio do Ensanche e que digan o que lle falta ao barrio. Para iso, lea con eles as tres frases modelo e destaque a dobre negación, necesaria ao empregar os indefinidos **ningún** e **ningunha**.

D. Ás mesmas parellas de antes pídalles que se pregunten sobre os barrios onde viven, seguindo o modelo do libro.

E DESPOIS

Fotocopie e recorte as tarxetas da **ficha 3** e móstrellelas aos seus alumnos e alumnas unha por unha. Eles teñen que dicir con que palabra (nome de servizo ou establecemento) está relacionada. Pode escribir a solución no reverso de cada tarxeta: ximnasio, supermercado, oficina de correos, comisaría, hospital, centro comercial, escola, restaurante, bar, cine, banco...

2. PROMOCIÓNS INMOBILIARIAS

Ler uns anuncios de alugamento de pisos e casas para atopar o que corresponde ao plano subministrado. Elixir as vivendas máis adecuadas aos perfís de catro clientes dunha axencia. Explicar como é a vivenda na que vive cada un.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os seus estudantes familiarizaranse cos tipos de vivenda máis comúns en Galicia e coa maneira na que as axencias inmobiliarias anuncian pisos e casas.

Se ten alumnos e alumnas que proceden dun país onde non se empregue o sistema métrico, poderán necesitar que vostede lles subministre algún tipo de referencia para poder interpretar o tamaño das vivendas en metros cadrados.

Para realizar o punto B, os estudantes necesitarán poder valorar o esforzo económico que teñen que facer os clientes potenciais para alugar unha vivenda determinada. Sería conveniente que lles dea unhas cifras orientativas do soldo dunha persoa de nivel adquisitivo baixo, medio e alto en Galicia.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus estudantes que se pode facer para atopar casa. Recolla no encerado as respostas que lle dean: **mirar os anuncios nun periódico, na internet, a través de amigos, ir a unha axencia inmobiliaria...** Asegúrese de que sae esta última posibilidade e de que todos e todas comprenden o seu significado. A continuación, móstrelles os anuncios dunha axencia inmobiliaria que aparecen na actividade e pídalles que traten de atopar o que corresponde ao plano subministrado.

Solución

Piso de 110 m².

B. Preséntelles aos seus estudantes as catro fichas dos clientes da axencia inmobiliaria e pídalles que asignen unha das vivendas do punto anterior, en función das necesidades e das posibilidades que pensan que poden ter esas persoas.

É posible que teña que aclarar conceptos como **cociña totalmente equipada, sen amoblar, ben situado, edificio antigo con encanto, boa distribución, preparado para entrar a vivir, en perfecto estado** ou

cociña americana, ademais da diferenza entre un **chalé** e unha **vivenda unifamiliar** ou entre un **estudio**, un **ático** ou un **apartamento**. Permita que os seus estudantes empreguen o dicionario se o necesitan.

C. Fale das características que ten a súa vivenda. Despois, pídalle ao seu alumnado que faga o mesmo. Á parte do modelo que vostede lles acaba de proporcionar, remítaos á mostra de lingua da actividade.

E DESPOIS

Dígalles agora que se fixen nalgúns aspectos presentes nos anuncios que para moita xente son importantes e que fan subir o valor dunha vivenda. Pídalles que os marquen nos textos. Déalles uns minutos e fagan unha posta en común: **terraza, garaxe, vistas, xardín, piscina, moito sol, horta, faiado, lareira, a dez minutos do centro, a cinco minutos da praia**. Pregúntelles se eles valoran esas características ou se hai outras que consideran máis importantes.



3. UNHA CASA DE TOLOS

Completar unhas frases segundo a localización duns mobles.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade os seus estudantes traballarán as expresións de localización. A partir dun debuxo no que se ven unha serie de mobles e a través da lectura dunhas frases incompletas, deberán tratar de interpretar o significado das expresións de localización e de completar as frases co nome do moble que falta. Anime os seus alumnos e alumnas a empregar as súas estratexias dedutivas.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado a palabra **desordenada** e pregúntelles aos seus estudantes por ela. Se non entenden o significado da palabra, móstrelles o debuxo do libro como un exemplo de desorde extrema e deixe que cada un se defina a si mesmo.

Asegúrese de que entenden o vocabulario novo que aparece nesta actividade: **floreiro, neveira**.

PROCEDEMENTOS

Pídalles aos seus alumnos e alumnas que se fixen na ilustración e pregúntelles se hai algo estraño no debuxo. As frases da actividade fan referencia a obxectos que están en lugares non usuais. Pídalles aos seus estudantes que traten de completalas. Recomendélles que lles presten especial atención ás expresións en letra grosa e dígalles que estas lles darán información sobre o lugar onde se atopan os mobles.

Infórmeos/as da posibilidade de consultar, se o necesitan, a epígrafe “Localizar” na páxina de gramática. Recomendélles que se fixen, ademais, no xénero do artigo que precede o espazo de puntos.

Solución

- | | |
|---------------|---------------------|
| 1. cadeira | 2. butaca |
| 3. mesa | 4. lámpada |
| 5. cadro | 6. neveira |
| 7. cociña | 8. forno microondas |
| 9. televisión | |

E DESPOIS

Agrupe os seus alumnos e alumnas en parellas e déalle a un deles unha copia do debuxo **A** e ao outro, unha do debuxo **B (ficha 4)**. Dígalles que os dous teñen a mesma ilustración, pero con cinco diferenzas. Sen ensinárselos debuxos, teñen que dicir o que cambia facéndose preguntas que se respondan con **si** ou **non**. Por exemplo: **o floreiro está enriba da mesa do centro?**

4. SON BASTANTE DIFERENTES

Decidir se vivirían mellor en Vigo ou na Coruña, en función dunha información dada. Observar estruturas comparativas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se vostede ensina en Galicia e os seus estudantes coñecen as dúas cidades, pode pedirilles, antes de pasar á posta en común despois de ler as frases do punto A, que constrúan frases coma as do cadro comparando Vigo e A Coruña noutros aspectos aos que non se faga referencia no libro. Poderán ter en conta todo o que escriban para decidir en cal desas cidades poderían vivir mellor.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se saben cales son as dúas cidades máis grandes de Galicia. Escoite as súas respostas e, de ser necesario, aclare que son Vigo e A Coruña. Inicie despois unha pequena conversa na que os seus alumnos e alumnas expliquen que cousas son importantes para eles á hora de escoller unha cidade para vivir. Pode preguntarlle a un estudante: **Para ti é importante se unha cidade é moi ruidosa?** A seguir, interésese por outros aspectos que están presentes nas frases do cadro do punto A, como o tamaño da cidade, a arquitectura ou a antigüidade.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus estudantes que Xaime é un home que coñece ben Vigo e A Coruña porque viviu nas dúas cidades. Móstrelles o cadro coas frases nas que Xaime as compara e pídalles que decidan en cal poderían vivir mellor. Déalles uns momentos para ler todas as informacións e aclarar dúbidas, se as houbese, antes de facer unha posta en común con toda a clase.

A miña casa, o meu lar

B. Pídalles agora que volvan ás frases anteriores e que observen as estruturas marcadas en letra grosa. Dígalles que todas elas serven para comparar e que nos seus cadernos as clasifiquen nun cadro como o que aparece no libro: **Que estruturas se usan con nomes e cales con adxectivos?**

Dado que no libro non figuran todos os casos posibles, ofrézalles aos seus estudantes os seguintes modelos no encerado para que os teñan en conta á hora de facer a clasificación:

Na Coruña non hai tanto ruído coma en Vigo.
Na Coruña non vive tanta xente coma na Coruña.

Antes de proceder á clasificación, pregúntelles con cales das informacións do cadro se corresponde cada unha das frases do encerado.

Solución

Con nomes

tanto ... como/coma
tanta ... como/coma
tantos ... como/coma
tantas ... como/coma
máis ... que/ca
menos ... que/ca

Con adxectivos

máis ... que/ca
menos ... que/ca
tan ... como/coma

Despois da posta en común, pode escribir a seguinte frase no encerado e preguntarlles aos seus alumnos e alumnas por que aparece unha forma que non saía nos exemplos do cadro (**cá**).

A túa cidade é máis pequena cá miña.

Escoite as súas respostas e, de ser necesario, aclare que esa forma é froito da contracción de **ca** co artigo **a**. Comente cos seus alumnos calquera dúbida que poidan ter e anímeos a consultar a páxina de gramática da unidade e a sección Máis gramática, nas que atoparán máis exemplos onde aparecen estas estruturas.

C. Pídalles agora que comparen dúas cidades que coñezan empregando as estruturas que acaban de ver. Poden escribir frases individualmente e entregarllas a vostede para que as corrixa na casa.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicios 4 e 5.

5. PERDOA, SABES SE HAI...?

Comprender rutas e relacionas con planos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade os seus alumnos e alumnas familiarizaranse con diferentes maneiras de pedir

información sobre enderezos e con algunhas expresións de localización.

Debido ao complexo e extenso que é este tema, na actividade aparecen aqueles recursos que nos parecen máis rendibles e útiles neste nivel. Ademais, aconsellámoslle que focalice a actividade na comprensión das rutas, máis que na súa produción.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado a palabra **plano** e pregunte que é. A continuación, pregúntelles aos seus estudantes que temos que facer se queremos ir a un sitio, non sabemos onde está e non temos un plano. Asegúrese de que entre as opcións figura **preguntarlle a alguén na rúa**.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus estudantes que lean as catro conversacións nas que unha persoa pide información para chegar a un sitio e que as relacionen co debuxo do plano correspondente. Déalles tempo e anímeos a comparar as súas respostas en parellas.

Solución

A. 1
B. 2
C. 4
D. 3

B. Pídale, antes de pasar a este punto, que tapen a transcripción das conversacións, de tal maneira que só teñan os planos á vista. Dígalles agora que van escoitar as catro conversacións e que teñen que comparar a orde dos debuxos coa das gravacións para ver se se corresponde.

Solución

Conversación	Plano
1.	1
2.	3
3.	2
4.	4

E DESPOIS

Se quere facer unha pequena práctica de dar indicacións para chegar a un lugar, pode propoñerlles aos seus alumnos e alumnas unha actividade empregando o debuxo da páxina 26.

Pídalles que formen parellas e repártalles copias da **ficha 5**. Cada estudante dispón dunha tarxeta cunhas situacións determinadas e alternan os papeis: nuns casos pregunta e noutros dá a información. Supervise as producións das parellas e, para rematar, faga unha posta en común, interesándose polas variacións que poida haber segundo as diferentes parellas.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 109, exercicios 1 e 2.
Páxina 110, exercicio 3.



6. O MEU LUGAR FAVORITO

Completar un cadro coa información de catro persoas. Falar do lugar favorito da casa e das estancias nas que fan unha serie de actividades.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade os seus estudantes comentarán usos das diferentes partes da casa. escoitarán catro persoas describindo o seu lugar favorito da casa e dicindo o que adoitan facer neste lugar. Permítalles aos seus alumnos e alumnas comentar calquera cuestión que lles poida resultar curiosa.

PROCEDEMENTOS

A. Presente a Ignacio, Encarna, Pedro e Xulia. Muestre o cadro do libro e informe a clase de que van escoitar esas catro persoas falando do seu lugar da casa preferido e de que fan alí. Pídalles que completen o cadro coa información.

Entre a primeira e a segunda escoita, déalles a oportunidade de comparar as súas respostas cun compañeiro ou compañeira.

Solución

1. Dous lugares favoritos: o comedor e o baño. Actividades: no comedor xúntase a familia e fan ceas cos amigos. No baño reláxase.
2. Lugar favorito: o salón. Actividades: sentarse a ler, arimarse ao balcón e escoitar música.
3. Lugar favorito: o dormitorio. Actividades: estar coa súa filla, ver a tele con ela, xogar, comer.
4. Lugar favorito: a cociña. Actividades: xuntarse coa familia e cos veciños, xogar ás cartas, contar contos.

B. Faga que os seus estudantes formen parellas e pídalles que, seguindo o modelo de lingua, comenten cal é o seu lugar favorito da súa casa e que expliquen o motivo.

C. Lea en voz alta a lista de actividades que aparece neste punto e, despois de aclarar calquera dúbida que poida xurdir, pídalles que escriban en que lugar da casa as fan. Despois duns minutos, pídalles que o comenten en parellas.

7. COUSAS IMPRESCINDIBLES

Elixir os cinco mobles indispensables. Xustificar a elección.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para realizar esta actividade, favoreza o proceso de negociación máis que o resultado final. Déalle especial

importancia á argumentación da elección realizada polo seu estudantado.

PROCEDEMENTOS

A. Divida a clase en parellas e dígalles que teñen que imaxinar que van vivir xuntos nunha nova casa que non ten mobles. Teñen cartos suficientes para mercar cinco mobles ou electrodomésticos. Móstralles as fotografías do libro e advírtalles de que son só algunhas ideas. Déalles tempo para negociar cales son as cinco cousas imprescindibles.

Se lle parece conveniente, pode levar á clase imaxes de máis mobles e electrodomésticos e repartilos entre as diferentes parellas.

Durante o proceso de negociación, pasee pola aula para lles axudar ás parellas no necesario.

B. Pídale agora a cada parella que expoña ante o resto da clase as súas eleccións e que as xustifiquen.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, pode ampliar esta actividade para que practiquen o vocabulario dos mobles coas expresións de localización.

Fotocopie a **ficha 6** e dígalles que, por parellas, teñen que colocar os mobles no plano.

8. PORTOMAR

Relacionar unhas persoas cos barrios onde viven.

Comprender unha gravación na que esas persoas falan do seu barrio.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade, os seus estudantes terán que deducir, a partir dunhas breves fichas, en que barrio viven unhas persoas. Despois poderán escoitar esas catro persoas falando sobre os seus barrios. Aclare que o importante non é comprendelo todo, senón recoñecer certas informacións para resolver a actividade.

ANTES DE EMPEZAR

Móstralles as fotos das catro persoas e informe a clase de que son catro galegos que viven na mesma cidade.

Lea con eles as fichas e pídalles que describan cun par de adxectivos ou características como pensan que ten que ser o barrio no que vive cada persoa.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles que lean os textos sobre o barrio de Portomar, un exemplo imaxinario dunha cidade galega e pregúntelles a continuación en cal dos barrios cren que vive cada unha desas persoas e porque.

Déalles tempo para facelo individualmente e, despois, anídeos a comparar as súas hipóteses en grupos de tres.

A miña casa, o meu lar

B. Pídalles agora que comproben as súas respostas escoitando a gravación. Permítalles escoitala dúas veces e comparar as súas respostas nos mesmos grupos de tres antes de facer unha posta en común.

Solución

1. *Otilia Castro: barrio oeste.*
2. *Ánxela Ferreiro: barrio sur.*
3. *Serxio Outeiro: barrio leste.*
4. *Helena Iglesias: barrio norte.*

Se lle parece conveniente, pódelles pasar a gravación outra vez aos seus estudantes e preguntarlles a que outros servizos ou características de cada barrio se fai referencia en cada caso.

C. Propóñalles que, individualmente, pensen que barrio ou zona lles gusta máis da cidade ou da vila na que viven e porque. Déalles un par de minutos e despois faga unha posta en común con toda a clase. Pode comezar vostede dando un modelo: **O barrio que máis me gusta da miña cidade é... porque ten...**

E DESPOIS

Pode propoñerlles como tarefa para a casa que escriban un pequeno texto sobre algún barrio que coñezan dalgunha cidade que non sexa na que viven.

9. A CASA IDEAL

En grupos, crear un proxecto inmobiliario e presentalo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade, os seus estudantes terán que, en primeiro lugar, tomar diferentes decisións ata determinar as características da casa ideal. En segundo lugar, terán que pensar como expoñer o seu proxecto ante os compañeiros e compañeiras. Déalles tempo para que preparen a súa exposición e proporcionelles material ou soporte gráfico para apoiala.

ANTES DE EMPEZAR

Lea o título da actividade e pídale a cada estudante que pense como é a súa casa ideal. A seguir, faga unha posta en común nunha clase aberta. Se quere, pode comezar vostede dando un modelo:

- *A miña casa ideal é unha casa nunha aldea, pero preto dunha cidade. Unha casa antiga de dúas plantas. Na planta de arriba hai balcóns e vistas ás montañas. É unha casa moi luminosa e acolledora e ten unha cociña moi grande con lareira.*

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos e alumnas que teñen a oportunidade de construír unhas vivendas na cidade na que se atopan. Pida exemplos de a quen poderían ir dirixidas esas vivendas. Escriba no encerado un par de exemplos: **novos profesionais, xubilados...** e espere a

que os seus estudantes digan outros tipos de público. Pídalles que escollan un deses grupos e o seu nivel adquisitivo. Déalles un par de minutos e despois faga que busquen na clase outra persoa que escolleu o mesmo tipo de cliente.

B. Agora, en parellas, dígalles que pensen como sería a casa ideal para ese tipo ou grupo social. Móstralles o cadro do libro como exemplo dalgunhas das cousas que van decidir e anímeos a engadir outras ideas.

C. Cando xa teñan decididas todas as características dos seus proxectos, pídalles que lle busquen un nome. Se lle parece conveniente, déalles rotuladores, cartolinas, transparencias etc. para preparar a presentación do proxecto ante os compañeiros e compañeiras. Recórdelles que deberán comunicar o nome, a quen vai dirixido, como son as vivendas, onde están situadas e algunhas características do barrio ou dos arredores.

D. Finalmente, invite os seus alumnos e alumnas a saír ao encerado por grupos para presentar o seu proxecto. Anime o resto do grupo a facer preguntas.

Se lle parece conveniente, cando rematen as presentacións, poden votar para elixir o mellor proxecto.



10. CASAS CON HISTORIA

Asociar unhas imaxes cuns textos. Coñecer catro casas de interese cultural e turístico en Galicia.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nos textos da actividade aparecen algúns verbos en pretérito. De ser preciso, aclare que se trata dun tempo verbal que aínda non estudaron, pero aclare o sentido no texto e non se deteña niso polo de agora.

Se o perfil dos seus estudantes llo permite, suxerímoslle que aproveite esta actividade para levar á aula as figuras de Rosalía de Castro e Otero Pedrayo e algunha mostra das súas obras.

ANTES DE EMPEZAR

Pídalles aos seus estudantes que digan, nun minuto, que tipos de museos coñecen. É probable que digan cousas como: **arte contemporánea, arqueolóxico, de cera...** Se ningún dos seus alumnos ou alumnas fai referencia a elas, escriba no encerado **casa museo** e pregunte a que fai referencia ese termo. De ser necesario, aclare que adoita facer referencia á casa na que viviu algún personaxe coñecido, na que se pode ver o ambiente no que vivía, as obras que creou etc.

PROCEDEMENTOS

A. Informe os seus estudantes de que, en Galicia, se conservan varias casas que son coñecidas por diversos motivos. Anímeos a ler os textos proporcionados e a relacionalos coas imaxes. Se lle parece conveniente, dígalles que se enfronten á actividade sen dicionario e que intenten resolvela estratexicamente. Antes de pasar á posta en común, permítalles comparar as súas respostas en parellas.

Solución

- A. *O Pazo de Trasalba*
- B. *A Casa de Rosalía de Castro*
- C. *A Casa da Troia*
- D. *A Casa do Alemán de Camelle*

Logo poden comentar entre todos e todas o vocabulario que non entenderon, se o houbo, e comentar cal das catro vivendas lles gustaría visitar aos seus alumnos e alumnas.

B. Pídalles agora que formen parellas e que comenten se coñecen outros exemplos de casas como as que acaban de coñecer. Pasee pola aula prestando atención ás producións dos seus alumnos e alumnas e, se dispón de tempo, faga unha posta en común para recoller algunhas das casas que se lles poidan ocorrer.

E DESPOIS

Pódelles propoñer aos seus estudantes, como traballo para a casa, que busquen na internet outras casas museo que se atopan en Galicia. Poden levar unha lista á clase e mais un texto breve (coma os do libro) con información sobre a que lles pareza máis interesante ou atractiva.